

# I. Disposicións xerais

## XEFATURA DO ESTADO

**18557** *LEI 5/2000, do 16 de outubro, relativa á derogación da disposición adicional primeira da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.* («BOE» 249, do 17-10-2000.)

JUAN CARLOS I  
REI DE ESPAÑA

Sabede tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española, no seu artigo 149.1.15.<sup>a</sup>, determina entre as competencias exclusivas do Estado o fomento e a coordinación xeral da investigación científica e técnica.

A recente reforma da estrutura ministerial, en virtude da cal a Administración xeral do Estado conta, entre outros, cun Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, estruturado, por unha banda, nunha Secretaría de Estado de Política Científica e Tecnolóxica e, por outra, nunha Secretaría de Estado de Telecomunicación e para a Sociedade da Información, supuxo a modificación nalgúns casos e a adaptación noutros do exercicio das competencias ata agora atribuídas a diferentes órganos, incorporando, así mesmo, ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía entes e organismos de investigación científica e técnica.

A Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, establecía na súa disposición adicional primeira a constitución dunha Comisión Mixta do Congreso e do Senado para coñecer-lo Plan Nacional de Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico e da memoria anual sobre o seu desenvolvemento, como mecanismo de seguimento e valoración por parte do Parlamento dos obxectivos en investigación científica e tecnolóxica.

Dado que o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía queda configurado como Departamento responsable da política de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, do desenvolvemento tecnolóxico e da ordenación das telecomunicacións, parece, pois, necesario proceder á derogación da referida disposición adicional primeira da Lei 13/1986, do 14 de abril, xa que a actual estrutura do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía fai innecesaria a existencia da Comisión Mixta Congreso e Senado de Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico.

Artigo único.

Queda derogada a disposición adicional primeira da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de outubro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**18657** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1445/2000, do 31 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 490/1998, do 27 de marzo, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e nenos de curta idade.* («BOE» 250, do 18-10-2000.)

Advertido erro no texto do Real decreto 1445/2000, do 31 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 490/1998, do 27 de marzo, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e nenos de curta idade, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 9 en lingua galega, do 19 de agosto de 2000, procédese a efectua-la oportuna modificación:

Na páxina 639, primeira columna, artigo único, punto 1.4, última liña, onde di: «... productos sanitarios.», debe dicir: «... productos fitosanitarios.».

**18658** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1446/2000, do 31 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos preparados para lactantes e preparados de continuación.* («BOE» 250, do 18-10-2000.)

Advertido erro no texto do Real decreto 1446/2000, do 31 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro, polo que se aproba a regu-

lamentación técnico-sanitaria específica dos preparados para lactantes e preparados de continuación, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 9 en lingua galega, do 19 de agosto de 2000, procédese a efectua-la oportuna modificación:

Na páxina 639, segunda columna, artigo único, punto 1.5, última liña, onde di: «... productos sanitarios.», debe dicir: «... productos fitosanitarios.».

## MINISTERIO DE FACENDA

**18912** *REAL DECRETO 1732/2000, do 20 de outubro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas en materia de retencións e ingresos á conta sobre rendementos do traballo.* («BOE» 253, do 21-10-2000.)

A sentenza da Sala Terceira do Contencioso-Administrativo (Sección Segunda), do Tribunal Supremo, do 19 de maio de 2000, anulou diversos aspectos do procedemento de cálculo das retencións sobre os rendementos do traballo, previsto no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro.

O alto tribunal analizou o sistema de cálculo das retencións sobre os rendementos do traballo no contexto do novo imposto e considerou que o principio prioritario que debe estar presente na regulación das retencións non é outro que o da máxima personalización e individualización no cálculo da retención, para conseguirla maior equivalencia coa tributación definitiva.

Co obxecto de incorporar ó regulamento do imposto o sinalado polo Tribunal Supremo, naquelas materias que son susceptibles dun inmediato desenvolvemento regulamentario, estimouse oportuno modificar varios preceptos no sentido seguinte:

O artigo primeiro do presente real decreto dálle unha nova redacción ó parágrafo d) do artigo 78.3 do regulamento do imposto para que na determinación da base de cálculo do tipo de retención se teña en conta o mínimo familiar por ascendentes. O mesmo tempo, neste precepto establécese o cómputo na súa totalidade dos descendentes, e non por metade, como prevía o texto regulamentario declarado nulo polo Tribunal Supremo, cando o contribuínte teña dereito, de forma exclusiva, á aplicación íntegra do mínimo familiar, manténdose para o resto de supostos o cómputo por metade.

O artigo segundo dálle unha nova redacción ó número 5.º e engádeselle un novo número 9.º ó artigo 81.2 do regulamento do imposto, para incluír dous novos supostos de regularización do tipo de retención: a variación das circunstancias dos descendentes (por exemplo se se computaron na súa metade e deben computarse na súa totalidade); e a variación no número ou as circunstancias dos ascendentes que se deben ter en conta para a determinación da base de cálculo do tipo de retención.

Agora ben, neste último caso, o dos ascendentes, a regularización poderá supor tanto unha diminución como un incremento do tipo de retención. Así, por exemplo, sería no suposto de que o ascendente que se computou na súa totalidade deba computarse por metade, ou porque non deba computarse en ningún caso.

Por último, a disposición derradeira única establece que este real decreto entrará en vigor o día seguinte

ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e terá efecto desde o día 1 de xaneiro de 2000, coa intención de que se practiquen as regularizacións do tipo de retención que procedan de acordo coas novidades introducidas no texto regulamentario, e tendo en conta esta circunstancia, a disposición transitoria única do real decreto establece a forma de comunicarlle ó retedor a nova situación derivada das presentes modificacións, ó mesmo tempo que habilita os pagadores para practicarem a regularización en calquera das nóminas pendentes ata a fin do exercicio, e non na inmediata á recepción da comunicación, como recolle con carácter xeral o regulamento do imposto, para facilitala súa aplicación, tendo en conta o número de empresas afectadas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de outubro de 2000,

### DISPONGO:

Artigo primeiro. *Modificación do artigo 78 «Base para calculalo tipo de retención» do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O parágrafo d) do punto 3 do artigo 78 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«d) No importe do mínimo persoal e do mínimo familiar por descendentes e ascendentes, incluído o caso dos discapacitados, ós que se refire o artigo 40 da lei do imposto, nos termos e condicións previstos nel, sen que sexa de aplicación ningún dos mínimos persoais incrementados ós que se refire o artigo 70.2 da lei do imposto. Para estes efectos, a idade do perceptor, e dos descendentes e ascendentes que dean dereito a minoración entenderase referida á data de devengo do imposto, aplicando, ademais, as seguintes especialidades:

1.º O retedor non deberá ter en conta a circunstancia prevista no artigo 40.3.2.º da lei do imposto.

2.º Os descendentes computaranse por metade, excepto cando o contribuínte teña dereito, de forma exclusiva, á aplicación da totalidade do mínimo familiar por este concepto.»

Artigo segundo. *Modificación do artigo 81 «Regularización do tipo de retención» do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

1. O artigo 81.2.5.º do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«5.º Se no curso do ano natural se producise un aumento no número de descendentes, ou unha variación nas súas circunstancias, sobreviñese a condición de minusválido ou aumentase o grao de minusvalidez no perceptor de rendas de traballo ou nos seus descendentes, sempre que, de acordo co artigo 40 da lei do imposto, tales circunstancias determinasen un incremento no mínimo persoal ou familiar.»

2. Engádeselle un novo número 9.º, ó punto 2 do artigo 81 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, coa seguinte redacción: